



## Facultade de Ciencias da Educación

Traballo de  
fin de grao

Actitudes e  
comportamentos das  
familias autóctonas  
respecto das persoas  
de procedencia  
migrante: unha  
análise dende a  
perspectiva da  
educación  
intercultural

Medea Santiago Cameán

Titira: Dna.Diana Priegue Caamaño

Xuño 2019

**Título: <<Actitudes e comportamentos das familias autóctonas respecto das persoas de procedencia migrante: unha análise dende a perspectiva da educación intercultural.>>**

**Título: << Actitudes y comportamientos de las familias autóctonas respecto de las persoas de procedencia migrante: un análisis desde la perspectiva de la educación intercultural.>>**

**Title: <<Attitudes and behaviours of the native families with regard to people of inmigrant origin: an analysis from the intercultural education perspective>>.**

## Índice

Introdución .....	1
1. As percepcións e actitudes cara a inmigración: os desafíos da integración... ..	3
1.1. O fenómeno migratorio: panorámica da situación actual.....	3
1.2. Persoas inmigrantes, estranxeiras e refuxiadas: unha aproximación conceptual.....	5
1.3. Actitudes, estereotipos e prexuizos.....	6
1.3.1. Actitudes.....	6
1.3.2. Estereotipos.....	7
1.3.3. Prexuizos.....	7
1.4. Posicións ideolóxicas ante a alteridade.....	8
1.5. Educación intercultural.....	9
1.6. Integración e outras posibles respostas adaptativas.....	11
2. As relacións interpersoais entre as persoas autóctonas e inmigrantes: o caso do Centro Cívico de Conxo.....	13
2.1. Contextualización e demografía de Conxo.....	13
2.1.1. O Centro Cívico de Conxo.....	14
2.2. Formulación do problema de investigación.....	14
2.3. Obxectivos.....	15
2.4. Método.....	16
2.5. Mostra.....	16
2.6. Instrumentos.....	17
2.6.1 Fiabilidade e validez do instrumento.....	18
2.7. Procedemento e análise dos datos.....	18
2.8. Análise de datos e discusión de resultados.....	19
2.8.1. Cuestionario.....	19
2.8.2. Lista de Control.....	31
3. Conclusións e propostas de intervención.....	32
4. Bibliografía.....	36
ANEXOS.....	41



Dna. **Diana Priegue Caamaño**, con DNI 44831354F, profesora Contratada Doutora do Departamento de Pedagogía e Didáctica da Facultade de Ciencias da Educación (Campus Vida) da Universidade de Santiago de Compostela,

**INFORMA** favorablemente o Tráballo Fin de Grao (TFG) “Actitudes e comportamentos das familias autóctonas respecto das persoas de procedencia migrante: unha análise dende a perspectiva da educación intercultural”, realizado pola alumna Dna. **Medea Santiago Cameán**, estudante do 4º Curso do Grao en Educación Social, e fai constar que reúne todos os requisitos para a súa presentación e defensa pública.

E para que así conste, asino o presente documento.

En Santiago de Compostela, a 19 de xuño de 2019.

Vº e Pr. Titora

Asdo. Diana Priegue Caamaño

## **Resumo.**

Este estudo recolle os resultados derivados dunha investigación de campo, cuxo propósito consiste en coñecer, así como analizar as percepcións e actitudes das familias autóctonas que frecuentan o Centro Cívico de Conxo, en relación á integración da poboación inmigrante, dende a perspectiva da educación intercultural.

Na actualidade, o fenómeno migratorio medra exponencialmente, así como as súas implicacións. É por iso, que dende a educación xorde a necesidade perentoria de analizar dende a perspectiva actitudinal, relacional, e interaccional; a realidade social en pequenos contextos comunitarios, onde existe unha situación de multiculturalidade ou convivencia de diferentes poboacións e culturas.

Nesta liña e tras realizar unha contextualización teórica, empregouse como estratexia metodolóxica o estudo de caso, combinado coa investigación descritiva tipo enquisa, a través dun cuestionario elaborado *ad hoc*. No eido cualitativo, e co obxecto de complementar a investigación, empregouse a técnica de observación, mediante un sistema de rexistro categorial, neste caso unha lista de control.

Finalmente, incluíronse as conclusións e discusión de resultados obtidos, ademais dun apartado con posibles liñas de actuación e propostas de intervención socioeducativa en clave de desenvolvemento comunitario dende a perspectiva da educación intercultural.

**Palabras chave:** actitudes cara inmigración, integración, educación intercultural, inclusión, relacións interpersoais.

## **Resumen.**

Este estudio recoge los resultados derivados de una investigación de campo, cuyo propósito es conocer, así como analizar las percepciones y actitudes de las familias autóctonas que frecuentan el Centro Cívico del barrio de Conxo, en relación a la integración de la población inmigrante, desde la perspectiva de la educación intercultural.

Actualmente, el fenómeno migratorio crece exponencialmente, así como sus implicaciones. Por eso, desde la educación, surge la necesidad perentoria de analizar desde la perspectiva actitudinal, relacional e interaccional; la realidad social en contextos de pequeñas comunidades, donde existe una situación de multiculturalidad o convivencia de diferentes poblaciones y culturas.

En esta línea y después de realizar una contextualización teórica, se utilizó como estrategia metodológica el estudio de caso, combinado con la investigación descriptiva de tipo de

encuesta, a través de un cuestionario elaborado *ad hoc*. En el campo cualitativo, y para complementar la investigación, se utilizó la técnica de observación, a través de un sistema de registro categórico, en este caso una lista de control.

Finalmente, se incluyen las conclusiones sobre los resultados obtenidos, así como un apartado con posibles líneas de actuación y propuestas de intervención socioeducativa en clave de desarrollo comunitario, desde la perspectiva de educación intercultural.

**Palabras clave:** actitudes hacia la inmigración, integración, educación intercultural, inclusión, relaciones interpersonales.

**Abstract.**

This study collects the results derived from a field research, whose purpose is to know about, as well as analyze the perceptions and attitudes of native families that frequent the Civic Center of the Conxo neighbourhood, in relation to the integration of immigrant population, from an intercultural education perspective.

Currently, migratory phenomenon has grown exponentially, as well as its implications. Therefore, from education, arises the peremptory need of analyze from the attitudinal, relational, and interactional perspective; a social reality that occurs in small community contexts, where there is a situation of multiculturalism or coexistence of different populations and cultures.

In this line, and after the performance of a theoretical contextualization, the case study was used as a methodological strategy, combined with descriptive research of survey kind, by means of a questionnaire designed *ad hoc*. In the qualitative field, and to complement research, observation technique was used, by means of a categorical list, in this case a checklist.

Finally, conclusions about the results obtained were included, as well as a section with possible lines of action and socio-educational intervention proposals in the key of community development from the intercultural education perspective.

**Keywords:** Attitudes towards immigration, integration, intercultural education, inclusion, interpersonal relationships.

## **Introdución.**

Coa mirada posta na cuestión da inmigración, e mais concretamente nas percepcións, o comportamento e as actitudes cara a mesma que presenta a poboación autóctona, sitúase o obxecto deste estudo deste Traballo de Fin de Grao (TFG). Céntrase, polo tanto, na análise das actitudes, percepcións, interaccións e relacións das familias autóctonas coas foráneas tomando como caso de estudo o Centro Cívico de Conxo (Santiago de Compostela). Dende esta perspectiva, partimos da análise da materia en termos de desenvolvemento comunitario, é dicir, valorando o nivel de integración das persoas residentes no mesmo, as relacións que se establecen entre as diferentes culturas e o papel que xoga o centro como elemento integrador e promotor da inclusión e a interculturalidade.

Polo tanto, trátase de afondar nas interaccións que se producen, así como así como nas actitudes e o grao de predisposición das familias autóctonas cara a inclusión, a integración, e o respecto polos dereitos das familias de orixe inmigrante.

A selección do problema de investigación ten a súa orixe na propia experiencia profesional, pois tras ter traballado durante varios anos no Centro Cívico de Conxo, puiden observar a presenza dun considerable número de familias de orixe marroquí nas inmediacións do centro, se ben non en tanta medida, tomando parte da vida asociativa nin participando do devir comunitario. Ademais, tamén observamos que polo xeral, e, exceptuando algúns casos puntuais, non é habitual a interacción entre as persoas autóctonas e as migrantes. Así pois, tratando de profundizar nesta situación decidimos centrar a realización deste TFG xustamente neste asunto.

Agardamos que os resultados acadados fagan posible arroxar un pouco de luz sobre a cuestión e nos permitan trazar posibles liñas de acción socioeducativa. O que se pretende, en última instancia, é que o presente traballo sirva para promover unha interacción intracomunitaria integradora por ambas bandas, dende unha perspectiva que supera a versión mais extrema do relativismo cultural<sup>1</sup>, para centrarse no verdadeiro intercambio intercultural dende unha mirada inclusiva.

---

<sup>1</sup> Mais concretamente as implicacións paternalistas e románticas que a miúdo comporta esta perspectiva (Ver “**enfoque ultrarelativista**”, p.9).

Por outra banda, cómpre sinalar que a modalidade escollida para a realización do traballo foi a iniciación á investigación de campo, consistente no desenvolvemento dun estudo de campo que combina a perspectiva teórica co coñecemento empírico.

Neste caso falaremos de dous ámbitos da Educación Social prioritarios nos que podemos enmarcar o quefacer desta investigación. En primeiro lugar a “*Educación en contextos familiares e procesos de desenvolvemento comunitario*”, xa que esta liña de intervención pode resumirse en dous termos fundamentais “Educación Familiar” e “Desenvolvemento Comunitario”. A mención deste ámbito ten que ver con que a poboación diana do estudo a constitúen as familias do barrio de Conxo, polo que a análise e a proposta educativa resultante sería deseñada pensando nas súas características. Por outra banda, o caso concreto sobre o que se investiga é unha unidade social específica do contexto comunitario, o Centro Cívico de Conxo, peza fundamental e vertebradora do entramado comunitario no barrio, así como equipamento primordial de referencia que coaduxa á realización da meirande parte das accións de desenvolvemento comunitario e animación sociocultural.

En segundo lugar, podemos entender a “*Educación para a mediación, a inclusión social e a diversidade*”, como outro eixo fundamental do que emana deste estudo, o cal garda unha relación directa cos termos “*educación intercultural*” e “*inmigración*”.

A temática xeral desenvólvese na liña da educación intercultural, entendendo esta como a idea forza ou o principio reitor que debe guiar os procesos de convivencia e as interaccións no desenvolvemento comunitario dos barrios, caracterizados no momento actual por ser contextos nos que a multiculturalidade é un trazo definitorio.

No tocante á estrutura do traballo, logo de realizar unha aproximación teórica á cuestión, presentamos a parte de natureza máis empírica. Esta recolle a metodoloxía de investigación, na que se opta por un deseño metodolóxico mixto, é dicir, aquel que emprega no marco dun mesmo estudo técnicas e datos cualitativos e cuantitativos co gallo de realizar unha aproximación máis complexa e dinámica á realidade social, con varias perspectivas de análise nun contínuum cualitativo-cuantitativo, tratando de conxugar as vantaxes de ambas metodoloxías. Seguidamente recolle os aspectos referidos á mostra, e os instrumentos de recollida de datos empregados, para logo centrarnos na análise de datos e a discusión de resultados. Culminamos o traballo coas conclusións, as referencias bibliográficas e os anexos.

No que respecta ás competencias acadadas ou melloradas durante a realización do TFG, cómpre salientar as propias desta materia, de acordo co establecido no programa da mesma [G3091425- Prácticum de Educación Social II- (Prácticum)- Curso 2018/2019]:

-Capacidade de autoorganización na planificación da actividade investigadora, implicándose activamente na resolución de problemas.

-Capacidade de autonomía na procura, selección e tratamento de información relevante para o obxectivo de traballo proposto.

-Capacidade de aplicación integrada dos coñecementos e habilidades adquiridos ao longo do grao.

-Capacidade de sistematización e presentación de información de maneira organizada e correcta desde o punto de vista académico e profesional, empregando diferentes códigos e recursos lingüísticos, materiais e tecnolóxicos.

-Capacidade de reflexión e reformulación sobre o traballo desenvolto, incorporando unha actitude autocrítica construtiva sobre o mesmo.

-Capacidade de comunicación da proposta utilizando recursos expresivos e argumentativos.

## **1. As percepcións e actitudes cara a inmigración: os desafíos da integración.**

### **1.1. O fenómeno migratorio: panorámica da situación actual.**

A modo de introdución ao marco teórico deste estudo, resulta oportuno en primeiro lugar realizar unha aproximación panorámica ao fenómeno migratorio na actualidade.

Nos últimos anos os procesos migratorios víronse incrementados a nivel mundial de maneira exponencial. O número de persoas solicitantes de asilo e protección internacional aumentou debido á intensificación de numerosos conflitos, e ó avance da globalización (Moldes-Anaya, Jiménez Aguilar, e Jiménez Bautista, 2018). Porén, a crise económica xogou un papel decisivo, incidindo negativamente e de maneira xeral nas actitudes cara a inmigración entre as poboacións autóctonas. Como sinalan Poutvaara e Steinhardt (2018), “The financial crisis of 2007 and 2008 and the subsequent Great Recession increased public opposition to immigration in several European countries and the United States” (p.471).

Por outra banda, á ausencia de compromisos vinculantes por parte dos principais líderes políticos en materia de lexislación así como de garantía dos dereitos das persoas desprazadas, debemos engadirlle a crecente proliferación de discursos xenófobos e racistas que atopan na publicidade e nas noticias falsas un eficiente catalizador do rexeitamento cara a diversidade e a integración, arengados en gran medida pola expansión das políticas de ultradereita en Europa en particular, e no resto do mundo en xeral (Comisión Española de Ayuda al Refugiado [CEAR], 2018).

Se ben é certo que algúns autores coinciden en sinalar que este fenómeno anti-inmigración non tivo tanta repercusión en España coma noutros países europeos, a saber, Alemaña, Francia, Holanda ou Italia (Fernández, Valbuena, e Caro, 2017). Polo que resulta interesante coñecer en qué medida as actitudes cara a inmigración son favorables ou desfavorables en pequenos contextos locais.

De un tempo a esta parte, a reprodución de estereotipos raciais e actitudes intransixentes cara o alóctono (dende un panorama global), semella ter mudado a perspectiva solidaria e comprometida, que xurdira co xermolo da chamada “crise dos refuxiados”, provocando en diversos sectores de poboación unha aparente indolencia ante a violación de dereitos humanos das persoas que se atopan en tránsito, ou ben que chegan aos países de acollida como inmigrantes (CEAR, 2018).

Coincidindo con Pajares (2005), citado en Priegue (2008), quen declara que a situación legal e a forma de chegada dos inmigrantes, xunto co discurso político imperante xeran en maior medida tendencias cara a exclusión que cara a integración, cómpre facer presente que o vetusto binomio inmigración-dereitos humanos supón cada vez un maior desafío para os estados, e mais concretamente para a educación.

Alén disto, non podemos esquecer a natureza das políticas migratorias implantadas nos últimos anos, e as súas consecuencias tanto en España coma no resto de Europa, xa que as medidas de reforzamento de fronteiras causan a miúdo o efecto contrario do pretendido, provocando o aumento no número de desprazamentos clandestinos (Priegue, 2008).

En especial medida, o caso das persoas de orixe marroquí resulta certamente significativo<sup>2</sup>, dende esta perspectiva, como sinala o informe anteriormente citado:

A consecuencia del refuerzo de la frontera terrestre de Marruecos con España, de la práctica de las devoluciones ilegales por parte de las autoridades españolas y de la falta de opciones legales y seguras, se ha incrementado la peligrosidad de las rutas migratorias. La mayoría de las llegadas se produjeron por mar, a través de las costas andaluzas, en embarcaciones muy precarias. Se registró un incremento del 105% en relación con 2016 y las muertes en el mar pasaron de 128 en 2016 a 224 en 2017. Esta tendencia se mantiene en 2018. Las principales nacionalidades de llegada a España fueron Marruecos, Argelia y Guinea. (CEAR, 2018, p.54).

---

<sup>2</sup> Na contextualización do Centro Cívico sinalase a presenza de cidadanía marroquí no barrio de Conxo de maneira especialmente salientable, respecto do resto de nacionalidades.

De facto, resulta fundamental para abordar o obxecto de estudo, realizar unha aproximación ás actitudes cara a inmigración alén dunha análise superficial, reparando naqueles conceptos intrínsecamente relacionados co fenómeno a analizar. Especialmente cabe unha singular consideración polo caso das familias marroquís.

Pois, por unha banda, é unha das nacionalidades que conforma os grandes grupos de persoas en tránsito cara o noso país, así como en chegadas de persoas que se atopan tanto en situación administrativa regular como irregular. Por outra banda, son o grupo de familias inmigrantes con maior presenza no barrio de Conxo e especialmente nas inmediacións do Centro Cívico.

Finalmente, resulta substantivo concibir a aproximación a esta realidade social dende unha perspectiva holística, que trascende de visións nesgadas e parciais, para o que se require unha aproximación teórica en condicións, que entenda a inmigración como un fenómeno complexo, dinámico e multifactorial, en lugar de como un feito puntual e illado, debendo primar a concepción procesual da mesma.

## **1.2. Persoas inmigrantes, estranxeiras e refuxiadas: unha aproximación conceptual.**

Segundo Giner, Lamo de Espinosa, e Torres (1998), podemos entender por migración aquel desprazamento dun número de persoas a unha distancia significativa, ou que supoña un cruce de fronteiras con certa permanencia. O concepto migración, polo tanto, fai alusión a unha inxente variedade de desplazamentos humanos. De aí a complexidade para discernir conceptos como, inmigrante, estranxeiro ou refuxiado.

De acordo con De Lobera (2004):

La noción de migrar (inmigrar, emigrar) alude a un cambio de residencia: es un concepto demográfico y no refiere a otras consideraciones políticas, económicas o jurídicas. Extranjero es en cambio un término jurídico. Son extranjeros los que carecen de nacionalidad española, según dispone la Ley de Extranjería 8/2000 (p. 12).

A miúdo estes dous conceptos son intencionalmente presentados coma sinónimos, xa que á hora de realizar estatísticas, falase de inmigrantes cando en realidade se están a empregar cifras de poboación estranxeira<sup>3</sup>, é dicir, persoas que proceden tanto de países enriquecidos

---

<sup>3</sup> Os datos das persoas inmigrantes atópanse nos padróns municipais (todas as persoas inscritas no padrón nun novo ano), sen embargo, os das persoas estranxeiras son elaborados polo Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais (permisos de traballo e residencia solicitados).

como en vías de desenvolvemento. En gran medida, isto explica a certa sensación de “avalancha” de inmigrantes no imaxinario social.

Outro concepto do que cómpre discernir o vocábulo inmigrante é o de refuxiado/a.

Neste senso, entendemos como persoa refuxiada aquela que:

debido a fundados temores de ser perseguida por motivos de raza, relixión, nacionalidade, pertencencia a determinado grupo social u opinións políticas se encuentre fóra do país de su nacionalidade y no pueda o, a causa de dichos temores, no quiera acogerse a la protección de tal país (ONU, 1951, pp.1-17).

Dende esta perspectiva cómpre sinalar que o estudo fai alusión en termos xerais a persoas inmigrantes e non refuxiadas, dado que non existen evidencias *de facto* para afirmar a presenza destas familias nas inmediacións do centro. Porén, tamén se prescinde da consideración da situación regular/irregular das persoas non nacionais.

### **1.3. Actitudes, estereotipos e prexuízos.**

#### **1.3.1. Actitudes.**

Entendemos a actitude como unha representación cognitiva que recolle a avaliación que facemos dun obxecto actitudinal, o eu, os demais, cousas, accións, sucesos ou ideas (Smith e Macke, 1996).

Dende a perspectiva da psicoloxía social emprégase o termo actitude xeneralmente “para referirse a nuestras evaluaciones de practicamente cualquier aspecto del mundo social, en la medida en que tengamos reacciones favorables o desfavorables hacia temas, ideas, personas, grupos sociales, objetos” (Baron e Byrne, 2005, p.122). Para estes autores e no tocante ás fontes de adquisición das actitudes, resulta determinante e fundamental mencionar o proceso de aprendizaxe social, a través do cal adquirimos nova información, actitudes e comportamentos.

Existen por outra banda, segundo Baron e Byrne (2005), factores que determinan a medida en que as actitudes poden influír no comportamento. Entre eles destacan os factores situacionais, xunto con aqueles outros que son propios das actitudes:

- Orixes das actitudes: aquelas formadas a partir da experiencia directa teñen maiores efectos na conduta.
- Forza das actitudes: a maior forza, maior impacto na conduta. Isto implica ter en conta a súa intensidade (cómo de forte é a reacción emocional resultante), a súa importancia (medida na que o individuo se preocupa por esa actitude, ou interese

concedido), o coñecemento (canto sabe o individuo sobre o obxecto da actitude), e accesibilidade (facilidade para recordala).

- Especificidade das actitudes: medida na que as actitudes están baseadas en situacións específicas mais que en cuestións xerais.

En definitiva, existen evidencias que suxiren que as actitudes en realidade afectan á conduta, secasí, a forza desta relación dependerá das restricións situacionais así como dos factores propios das actitudes anteriormente citados.

### **1.3.2. Estereotipos.**

Os estereotipos son marcos cognitivos que refiren coñecementos e crenzas sobre determinados grupos sociais, e os rasgos modais que presuntamente posúen as persoas que pertencen a eles (Judd, Ryan, e Parke, 1991). Nesta liña resulta sustancial suliñar que os estereotipos fan que as persoas prestemos atención a un tipo determinado de información, polo xeral, aquela que é consistente cos mesmos.

Reciben tamén a calificación de prisións inferenciais (Dunning e Sherman, 1997), pois, unha vez formados, chegan a modelar as nosas percepcións ata o punto de que (aínda cando non sexa así) a nova información será interpretada de xeito que confirma os estereotipos.

Finalmente, estes marcos cognitivos teñen gran influencia no pensamento social, e poden activarse incluso de maneira automática ou implícita a partir de certos estímulos.

### **1.3.3. Prexuízos.**

Para autores como Baron e Byrne (2005), o prexuízo é unha actitude (xeralmente negativa) cara os membros de certos grupos, o cal está baseado fundamentalmente na pertenza a dito grupo e atopa entre os seus antecedentes ou fontes cognitivas o estereotipo. Pode activarse de xeito automático e ser de natureza implícita ou ben explícita. Esta actitude persiste porque pode influír no aumento da nosa autoestima, así como supoñer certo aforro no esforzo mental. Segundo esta visión “la manera más directa de medir el prejuicio es simplemente estimular a las personas para que manifiesten su visión sobre grupos de distinta raza, etnia o género” (Baron e Byrne, 2005, p.221).

Por outra banda, o prexuízo non é inevitable, e existen diversas técnicas para contrarestar os seus efectos. Segundo a hipótese de contacto (Pettigrew, 1997), un contacto maior entre

persoas de diferentes grupos, tradúcese nun recoñecemento maior de semellanzas entre ambos<sup>4</sup>.

#### **1.4. Posicións ideolóxicas ante a alteridade.**

Respecto dos diferentes posicionamentos que se poden adoptar ante a diversidade cultural, algúns autores sinalan tres posibles enfoques (Thuillier, Pastor, e Fuentes, 2017):

- Etnocéntrico: Relacionado cos conceptos de asimilación<sup>5</sup> e aculturación, parte da idea de subordinación dunha cultura cara a outra, con desigualdade de status.
- Relativista: Relacionado co concepto de multiculturalismo<sup>6</sup>, parte do suposto de que hai unha coexistencia de culturas, mais non necesariamente ten que darse unha interacción, de feito, algúns autores sinalan (Flecha e Puigvert, 2002; 2011), que neste enfoque non son posibles nin a convivencia, nin a interacción entre diferentes grupos culturais, por esta razón neste modelo abógase pola separación en diferentes espazos (ou guetización).
- Comunicativo: Este enfoque relaciónase en maior medida co concepto “interculturalismo”, parte da premisa de igualdade entre as diferentes culturas, e ao mesmo tempo recoñece a diferenza, fomentando unha “igualdade de diferenzas”, promovendo unha heteroxeneidade antirracista, crítica e transformadora.

Outra catalogación das distintas posicións ideolóxicas ante a diversidade, referentes á inmigración ou á alteridade, é a de Suárez Sandomingo (2004):

- Perspectiva racista ou etnocéntrica: entende a presenza de poboación estranxeira como unha ameaza ou competencia polos recursos.
- Interculturalismo ultra-relativista: un enfoque paternalista caracterizado pola inxenuidade e a inhibición crítica.
- Racionalidade neutral: que intenta redefinir o igualitarismo dende a diversidade dende posicións progresistas, mais aínda que semelle contradictorio esta categoría tamén abranguería as posicións neoliberais, onde as diferencias sociais e as distancias culturais (convenientemente establecidas) actúan a modo de fronteiras nos grupos.

---

<sup>4</sup> Unicamente cando o contacto ten lugar baixo certas condicións de favorabilidade.

<sup>5</sup> Este concepto desenvólvese no apartado “Educación Intercultural”.

<sup>6</sup> Este concepto desenvólvese no apartado “Educación Intercultural”.

Por outra banda, e no que respecta aos tipos de axuste que poden xurdir do encontro entre dúas ou mais culturas, resulta interesante a seguinte aporta, consensuada por diversos autores (Thomas, 1985; Vázquez Gómez, 1994; Pérez Escobar, 1999; Pérez Díaz, 2002; Gimeno Sacristán, 2001):

- Eliminación/dominación total ou parcial dos elementos dunha cultura sobre a outra (modelos segregacionistas, asimilacionistas e compensatorios).
- Acomodación/paralelismo entre grupos culturais que defenden a integración, tolerancia e aceptan a identidade cultural das minorías (integración política).
- Interpretación/fusión de culturas que da lugar ao nacemento dunha nova cultura “intercultural” (integración cultural, política e cívica).

Segundo este último enfoque, o modelo de axuste desexable entre dúas culturas sería o terceiro, interpretación/fusión, como un produto resultante que supón algo mais que a mera suma de individuos, que entraña a integración plena nunha nova construción social e cultural compartida.

### **1.5. Educación intercultural.**

Nunha primeira aproximación terminolóxica ao concepto educación intercultural, cómpre discernir este termo do que en ocasións se emprega de xeito errado como un homónimo da educación multicultural. No entanto, os expertos coinciden na diferenciación de ambos termos. Nesta liña, o termo “multicultural” fai alusión unicamente á “situación real de una sociedad con varios grupos culturales que mantienen la suficiente cohesión entre ellos de acuerdo con un cierto número de valores y normas” (Sabariego, 2002, p.74), mentres que o concepto intercultural “afirma explícitamente la realidad del diálogo, la reciprocidad, la interdependencia, y expresa más bien un deseo, un método de intervención” (Sabariego, 2002, p.74).

Este traballo parte dunha perspectiva integral da educación intercultural, na que prevalece a visión da diversidade como riqueza cultural (Escarbajal, 2011), por entendela como unha necesidade perentoria no desenvolvemento persoal e na educación da cidadanía en xeral. Polo tanto podemos pretender que “desde la educación intercultural se eduque en valores que propicien el intercambio, la intercomunicación y la interrelación entre las personas y las redes de significado que van dando sentido a sus vidas.” (Santos Rego e Lorenzo, 2012).

Dende esta perspectiva, e dacordo coas reflexións dos autores anteriormente citados, cabe mencionar que resulta insuficiente quedarse cunha percepción nesgada deste concepto que o limita ao ámbito escolar, ou ben á integración das persoas (menores) nos centros

educativos. Trátase de acadar ademais a plena integración tanto de nenos/as como de persoas adultas no círculo social e na vida comunitaria da súa contorna de inserción, pois só a través da inclusión social poderán ostentar a condición de cidadanía plenamente activa e saír así da espiral de exclusión na que moitas persoas permanecen. En relación ao antedito, resulta fundamental reavivar ou fomentar os distintos espazos comunitarios de participación dende os que sexa posible o traballo e a educación intercultural, propiciándose unha experiencia de aprendizaxe vivencial e de relacións afectivas entre as persoas. No entanto, algúns traballos (Santos Rego e Lorenzo, 2012), inciden en gran medida na importancia de eludir a chamada socialización multicultural, que propicia a transmisión de clichés e estereotipos culturais, baixo unha perspectiva homoxeneizadora<sup>7</sup> da alteridade. No seu lugar, propoñen a educación/socialización intercultural, para a que resulta primordial desaprender ou deseducarnos desta visión etnocéntrica dos outros, e posteriormente educarnos nos valores de encontro e recoñecemento do alleo. O verdadeiramente significativo, polo tanto, non é o coñecemento doutras culturas, senón as relacións e interaccións interculturais. Trátase en definitiva e simplemente de compartir e intercambiar tempo, intereses, expectativas, metas, inxerencias e afecto, dun xeito sinxelo e desinteresado.

Porén, o achegamento intercultural da persoa e dos grupos, require de tres pasos na comunicación intercultural (Oliveira, Martínez, Moar, e Touriñán, 2005):

- Descentralización: para os/as profesionais tódalas culturas son (deben ser) esencialmente iguais malia que diversas, todas se adaptan a unha contorna ecolóxica, económica, tecnolóxica e social.
- Penetración no sistema do outro: para comprender o alleo hai que penetrar no seu sistema. A penetración oriéntase a tolerar os diferentes aspectos, descubrir os marcos de referencia únicos, facer observacións dende a perspectiva da outra persoa, e da outra cultura.
- Negociación/mediación: implica asegurar os intercambios de puntos de vista e perspectiva para chegar a un acordo, permite conciliar ou reconciliar dúas partes.

---

<sup>7</sup> **Homoxeneidade no exogrupo:** Os membros do exogrupo son considerados máis semellantes entre si que os membros do propio grupo. Esta tendencia a percibir como semellantes a quen pertencen a grupos distintos ao noso coñécese como a *ilusión da homoxeneidade no exogrupo* e consiste en percibir, polo tanto, a membros do propio grupo como persoas moi diferentes, é dicir, máis heteroxéneos que o resto dos grupos. (Baron e Byrne, 2005).

Mediante este proceso, o educador/a debe descubrir o campo común onde cada un é quen de recoñecer ao outro.

Non cabe, polo tanto, entender o quefacer deste traballo á marxe da perspectiva da educación intercultural, nun proceso descentralizado, de apertura, e mediación.

### 1.6. Integración e outras posibles respostas adaptativas.

A continuación preséntanse as posibles respostas adaptativas resultantes da interacción de dous grupos culturais segundo De Lobera (2004):

- *Integración*, existe identificación coa cultura de orixe (mantemento da identidade cultural propia), e interese e valoración cara os novos grupos da sociedade receptora.
- *Asimilación*, rexéitanse trazos da cultura de orixe (rexeitamento da identidade cultural propia), tendendose a imitar os trazos da sociedade receptora.
- *Separación*, mantense unha forte identificación coa sociedade orixe (mantemento da identidade cultural propia), mais rexéitase o contacto cos novos grupos.
- *Marxinación*, cando non se manteñen vínculos nin co grupo de pertenza (rexeitamento da identidade cultural propia), nin cos grupos do país receptor.

Táboa 1

*Respostas adaptativas resultantes da interacción de grupos culturais.*

		Mantenimiento de la identidad psicosocial y cultural	
		SI	NO
Relaciones con Otros grupos	SI	INTEGRACIÓN	ASIMILACIÓN
	NO	SEPARACIÓN	MARGINACIÓN

Fonte: De Lobera, M. R. (2004). Inmigración, diversidad, integración exclusión: conceptos clave para el trabajo con la población inmigrante. *Revista de estudios de juventud*, (66), 11-21.

Unha das cuestións determinantes, polo tanto, á hora de acadar unha situación de integración plena e interculturalidade real, é a de evitar en gran medida o fenómeno da asimilación posto que:

implica que los grupos inmigrantes tienen que adaptarse a los valores culturales y costumbres del país de acogida, asumiéndolos también como propios, lo que puede traducirse en procesos de aculturación, es decir que los inmigrantes adopten

elementos de la cultura dominante, perdiendo en el transcurso elementos culturales propios. (Thuillier et al; 2017, p.20).

En conclusión, o contacto intercultural deberá producirse en termos de intercambio e aprendizaxe mútuo, mais nunca debe requirir a perda de identidade cultural do grupo alóctono, nin a asimilación total da cultura autóctona. Unicamente procurárase a integración na mesma, prescindindo de cuestionamentos de índole etnocéntrica por ambas bandas. E, por suposto, promoverase o contacto cultural co gallo de evitar a separación ou marxinação.

Non cabe dúbida, logo, de que a resposta adaptativa ideal é sempre a da integración, tratándose de establecer un vínculo que supoña un enriquecemento intercultural contínuo, así como un intercambio beneficioso para ambas culturas.

Mais, a integración real precisa de dúas condicións para darse: por unha banda, a ausencia de discriminación negativa cara os grupos de persoas inmigrantes; e por outra, a cohesión social onde todos os membros da comunidade son copartícipes, logrando en definitiva, unha incorporación en condicións de igualdade coa poboación autóctona (Lagares e Lorenzo, 2009).

Segundo Santos Rego (2012), e dacordo co seu traballo sobre a integración das persoas inmigrantes nos diferentes concellos de Galicia, o colectivo africano é o que presenta maiores dificultades de integración nos concellos (56,8%). Precisamente se concretamos por países, serían as persoas de nacionalidade marroquí as que destacan por antonomasia, supoñendo ata un 48,8% da mostra .

Neste senso, entre as principais dificultades no proceso de integración que sinala a poboación que participa neste estudo, destacan as seguintes nesta orde: lingua, situación legal e/ou administrativa e problemas socioeconómicos.

Dende esta perspectiva son necesarios, útiles e pertinentes, co gallo de acadar a integración das persoas de orixe inmigrante nos concellos e barrios, os programas e propostas de intervención no eido do ocio inclusivo e integrador (American Association for Physical Activity and Recreation [AAPAR], 2011, p. 44):

Inclusive leisure education programs are needed that embrace all human beings, especially individuals and groups who have been oppressed and encounter leisure constraints relative to their gender, race, ethnicity, ability, age, sexual orientation, income, living situation, religion, and other salient characteristics.

Polo tanto, a necesidade de propostas de ocio inclusivo e integrador resulta perentoria, especialmente en contextos multiculturais, se pretendemos eludir respostas adaptativas indesexadas.


## 2. As relacións interpersoais entre as persoas autóctonas e inmigrantes: o caso do Centro Cívico de Conxo.

### 2.1. Contextualización e demografía de Conxo.

Na parroquia de Santa María de Conxo, atópase o barrio periférico de Conxo, situado ao sur do concello de Santiago de Compostela, na provincia da Coruña. O resto da parroquia conta cunha estrutura fundamentalmente rural. Foi municipio independente ata 1925, data na que foi anexionado por Santiago.<sup>8</sup>

A parroquia consta dos seguintes lugares: Conxo de Abaixo, Conxo de Arriba, Cornes, A Cruxeira, A Fervenza, Monte do Seixo, A Nogueira, Pai da Cana, Ponte da Rocha, Ponte Pereda, O Porto, Poza Real, Rial, Rocha Vella, Torrente e Volta do Castro.

Na actualidade conta cunha poboación de 475 habitantes<sup>9</sup>, 232 homes, e 243 mulleres. A evolución poboacional<sup>10</sup> nos últimos anos foi descendente, xa que segundo o padrón municipal de 2004, tiña 526 habitantes (269 mulleres e 257 homes), chegando en 1999 a contar con 576 persoas. En 2013 pasa a ter só 502 habitantes (252 mulleres e 250 homes). Dende o 2017 o número de habitantes veuse reducido en 13 persoas.



Fonte: Forocidad. Mapa do barrio de Conxo.

<sup>8</sup> Ver antigo mapa do Concello en Anexo 1.

<sup>9</sup> Ver anexo 2: Gráfica evolución poboacional dende o 2000 ata o 2018.

<sup>10</sup> Ver Anexo 3: Táboa evolución poboacional dende o 2000 ata o 2018.

Segundo sinalan os datos actuais respecto da distribución territorial de persoas inmigrantes no concello (Vázquez, 2018), os barrios adxacentes como Conxo, Pontepedriña, ou San Pedro constitúen os lugares dentro do municipio que acollen a un maior número de poboación extranxeira.

Mais concretamente, no barrio de Conxo reside un considerable número de familias marroquíes, no entanto só unha pequena parte manteñen relacións veciñais coas familias autóctonas ou ben fan uso das instalacións, servizos e actividades que oferta o Centro Cívico, como equipamento de referencia.

### **2.1.1. O Centro Cívico de Conxo.**

Este Centro Cívico é un equipamento senlleiro e sobranceiro dentro da Rede de Centros de Compostela. Está situado na Praza Aurelio Aguirre de Conxo e funciona como un espazo vertebrador da vida social e cultural do barrio. Entre os seus obxectivos destaca o de fomentar a convivencia e a participación vecinal. Deste xeito, a oferta sociocultural prográmase a partir das demandas, intereses e inquedanzas da propia veciñanza.

No que respecta aos espazos que podemos atopar nel, destaca a biblioteca e aula de lectura con capacidade para 35 persoas, unha ludoteca con capacidade para 15 persoas, un punto de encontro para a mocidade, unha sala de asistencia social, unha sala de usos múltiples, unha sala de xuntas, e unha sala de informática entre outros.<sup>11</sup>

No tocante aos servizos que oferta sinalar:

- Cursos, obradoiros culturais e artísticos.
- Exposicións e exhibicións en pequeno formato.
- Representacións teatrais e musicais.
- Visitas e saídas culturais pola contorna.
- Charlas, conferencias e mesas redondas (educación para a saúde, vida saudábel, medio ambiente, reciclaxe..etc).
- Clubes (lectura, maiores, fotografía, xadrez, arte...).

### **2.2. Formulación do problema de investigación.**

Unha vez realizada a aproximación teórica á realidade social , procedemos a circunscribir o obxecto de estudo da investigación. Como xa se sinala na parte teórica, a percepción sobre

---

<sup>11</sup> No anexo 4 inclúese a ficha do equipamento.

os procesos migratorios e as súas implicacións no imaxinario social (así como o seu constante dinamismo), son de gran importancia no quefacer da práctica socioeducativa, especialmente no eido que se refire á educación intercultural, como ámbito senlleiro no que se enmarca a investigación.

Nesta liña, e partindo do interese por coñecer as implicacións do imaxinario social global (respecto da inmigración), en pequenos contextos locais; xorde a iniciativa de analizar a realidade social que se da no Centro Cívico de Conxo, en clave de educación intercultural.

Cabe sinalar, que a presenza da alumna no Centro (como traballadora), sumado ao feito de coñecer en certa medida algunhas das interaccións e relacións que se establecen entre as familias que participan no centro, propiciou a escolla desta temática.

A inqueda por coñecer as relacións interpersoais que se establecen entre as familias autóctonas e as migrantes dun xeito mais rigoroso, derivou na formulación do seguinte problema de investigación:

- Cales son as actitudes e comportamentos das familias autóctonas que participan no Centro Cívico de Conxo respecto das persoas de procedencia migrante?

Seguidamente, e para dar resposta a esta cuestión, abordaremos os epígrafes mais directamente relacionados coa parte empírica.

### **2.3. Obxectivos.**

#### Xeral:

- Analizar as actitudes e comportamentos das familias autóctonas que participan no Centro Cívico de Conxo respecto das persoas de procedencia migrante, tratando de identificar os aspectos que poden estar dificultando a existencia de relacións interpersoais entre autóctonos e non nacionais, coa mirada posta no deseño dun programa de intervención socioeducativa que favoreza a eliminación de prexuizos e/ou estereotipos vinculados á condición migrante.

#### Específicos:

- Explorar se se producen interaccións relacionais e de amizade entre as persoas de orixe inmigrante e as de orixe autóctona.
- Comprobar se as actitudes favorables cara os colectivos inmigrantes se traducen en comportamentos favorables e no establecemento de vínculos interpersoais mais fortes.

- Diseñar unha proposta que, dende os principios da interculturalidade, promova os vínculos interpersoais entre as familias que participan no Centro Cívico.

#### **2.4. Método.**

No que respecta ao deseño metodolóxico, cómpre salientar que, no marco das investigacións de natureza non experimental, se trata dun traballo descritivo que, mediante un estudo de enquisa, permite afondar nunha situación dada, de forma obxectiva e comprobable. Secasí, paralelamente no TFG tamén empregamos técnicas propias do estudo de caso, xa que nos centramos nunha unidade social concreta (Centro Cívico) e identificamos parte dos procesos interactivos que o conforman. Teñamos en conta que é neste tipo de espazos onde se establecen as principais relacións veciñais, interaccións e vínculos afectivos entre as familias. Neste caso, facemos uso da observación non participante como técnica de recollida de información, tal e como comentamos seguidamente.

Neste sentido, seguindo as aportas de Gordo e Serrano (2008), o estudo de caso permítenos realizar un diagnóstico dunha situación nun contexto determinado, co gallo de achegar melloras; e por outra banda, completa a información recollida co cuestionario. Polo tanto, o traballo desenvólvese aplicando unha metoloxía de tipo mixto, que combina técnicas e datos de carácter cualitativo e de carácter cuantitativo. Por unha banda, o método descritivo, mais concretamente a enquisa, facendo uso do cuestionario, como técnica de recollida de datos para coñecer as principais actitudes da poboación autóctona cara a poboación inmigrante. Por outra banda e dende a perspectiva cualitativa, empregouse como técnica de recollida de datos a observación non participante, e mais concretamente como instrumento a lista de control, que podemos definir como un tipo de rexistro categorial, consistente nunha relación finita de condutas, que nos permite rexistrar a presenza ou ausencia das mesmas nunha unidade de tempo concreta (García, González, e Ballesteros, 2001).

Esta combinación metodolóxica permite profundizar en maior medida no fenómeno obxecto de estudo e, ademais, dende unha perspectiva mais dinámica e flexible que outros tipos de técnicas mais estruturadas.

#### **2.5. Mostra.**

Tal e como xa comentamos, o estudo enmárcase no barrio de Conxo, en Santiago de Compostela, na provincia da Coruña. Tomouse como poboación de referencia ás persoas adultas das familias autóctonas que fan uso das instalacións do Centro Cívico de Conxo.

Empregouse unha mostraxe non probabilística, de tipo intencional (aqueles suxectos a disposición da enquisadora), aproveitando a presenza da alumna no centro unha vez finalizada a xornada laboral. A partir de documentos e rexistros do centro estimouse unha media aproximada de 50 persoas usuarias ao día. Polo que se estableceu o tamaño da mostra en 30 persoas adultas usuarias do Centro Cívico de Conxo, pertencentes ás familias que frecuentan o centro, coa intención de recoller cando menos as percepcións do 60% da media da poboación diaria.

O emprego dunha mostraxe intencional débese a que o obxecto que se persegue non é o de extrapolar os datos ao conxunto da poboación, senón o de analizar esa unidade social concreta e as interaccións que alí se producen.

## **2.6. Instrumentos.**

O principal instrumento empregado no eido descritivo da investigación é o cuestionario<sup>12</sup>, co que trataremos de coñecer as actitudes, comportamentos e interaccións das familias autóctonas e usuarias do Centro Cívico de Conxo, respecto da poboación inmigrante. Foron analizadas diversas enquisas do CIS, en relación ás actitudes cara a inmigración, ca finalidade de basearse nelas á hora de formular os ítems do cuestionario.

O instrumento divídese en tres grandes bloques. Por unha banda as preguntas introdutorias, seguidas dun bloque de preguntas referidas á frecuencia de participación, relación ou interacción (onde se inclúe unha pequena escala de 4 puntos). Por outra, unha escala tipo Liket de 5 puntos referida ás actitudes, dividida en 6 ámbitos de resposta, ou dimensións: dereitos, condicións de vida, participación sociopolítica, inserción laboral, integración e posibles interaccións coas persoas inmigrantes. Estas dimensións son as que posteriormente se empregaron para organizar a análise de datos e para estruturar os resultados.

As categorías de resposta son as seguintes: 1.Totalmente en desacordo, 2. En desacordo, 3.Indiferente, 4.De acordo e 5. Totalmente de acordo.

Tal e como xa comentamos, no traballo de campo levado a cabo tamén nos servimos da observación, co obxecto de complementar e enriquecer a investigación. Empregouse como instrumento de recollida de datos a lista de control<sup>13</sup>, que consiste nun rexistro categórico pechado, co gallo de recoller a ausencia ou presenza de comportamentos proclives á interacción relacional e intercultural.

---

<sup>12</sup> Ver anexo 5

<sup>13</sup> Ver anexo x

### 2.6.1. Fiabilidade e validez do instrumento.

Co obxecto de determinar a fiabilidade do cuestionarioo, e empregando o paquete estatístico IBM-SPSS 23, procedemos a calcularo o Alfa de Cronbach, que nos indica o grao de consistencia interna do instrumento, na totalidade dos ítems das escalas (a de 4 e a de 5 puntos), excluindo as preguntas introdutorias. O primeiro resultado da proba confirmou un valor de 0.854, unha puntuación alta. No entanto, consideramos pertinente eliminar cinco ítems para mellorar o valor. O resultado final foi de 0.910<sup>14</sup>, é dicir, superaría o “ límite de 0.7 a 0.9 que indica una buena consistencia interna para esta escala” (González e Pazmiño, 2015, p.69). En consecuencia, a fiabilidade do instrumento pode considerarse como moi alta e a escala sería pertinente para proceder ao análise factorial, o que nos permite afirmar que este resultado confirma a consistencia interna do cuestionario.

Cómpre mencionar que con anterioridade á aplicación final do instrumento realizouse un estudo piloto. Mais concretamente unha proba piloto, aplicada a suxeitos con características similares ás das persoas que compoñen a mostra (30 persoas), co gallo de depurar e mellorar o mesmo tralo deseño da súa versión inicial. O que desexábamós é a súa aplicación nas mellores condicións posibles, evitando preguntas confusas, unha incorrecta interpretación, ou ben que un excesivo número de suxeitos non responderan a unha pregunta.

### 2.7. Procedemento e análise dos datos.

Os cuestionarios foron aplicados nun espazo temporal de 2 semanas, nas instalacións do Centro Cívico de Conxo, segundo dispoñibilidade das persoas usuarias. As respostas foron analizadas empregando o paquete estatístico IBM-SPSS 23.

Establecéronse as seguintes variables para a confección do instrumento e a posterior análise, facendo alusión ás seguintes cuestións:

- **Variables 1-12:** perfil persoal, socioeducativo e económico (idade, xénero, situación laboral, residencia, nivel de estudos...etc).
- **Variables 13-23:** Constitución do núcleo familiar.
- **Variables 24-39:** Percepción sobre os dereitos que debe garantir o estado, sobre as problemáticas sociais que consideran mais importantes, e nivel de participación no barrio.

---

<sup>14</sup> Ver anexo 7

- **Variables 40-43:** Frecuencia de relación con persoas inmigrantes.
- **Variables 44-75:** Actitudes sobre as persoas inmigrantes (dereitos, participación sociopolítica, condicións de vida, integración e interaccións coas persoas autóctonas).

Finalmente, e por unha cuestión de espazo, dada a magnitude do TFG, tomouse a decisión de realizar unha análise de frecuencias da mostra, sen entrar en comparativas de variables, o que resultaría oportuno en futuros traballos para complementar e enriquecer este estudo. Por exemplo, resultaría interesante analizar as diferencias que se establecen en función da variable xénero, nivel de estudos, e situación laboral entre outras.

Tamén se trataron de establecer correlacións entre variables, mais, debido ao reducido tamaño da mostra, e despois de aplicar varias probas de correlación (Spearman e Chi Cadrado), concluímos que non resultaba posible.

## 2.8. Análise de datos e discusión de resultados.

### 2.8.1. Cuestionario.

Táboa 2

*Idade*


N	Válido	30
	Perdidos	0
Media		42,23
Mediana		41,00
Moda		37
Desviación estándar		10,922
Varianza		119,289
Percentiles	25	36,75
	50	41,00
	75	49,00

Fonte: Elaboración propia.

Respecto das características da mostra cómpre sinalar algúns datos relevantes. A media de idade das persoas que compoñen a mostra é de 42,23 anos. No entanto, a moda, é dicir, a idade cunha maior prevalenza sitúase nos 37 anos. De xeito, o 25% da mostra ten menos de 36,75 anos, o 50% ten menos de 41 anos, e o 75% da mostra ten menos de 49 anos.

Gráfica 1


Idade agrupada



Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 2

Xénero



Fonte: Elaboración propia.

No que respecta ao xénero, a mostra compónse dun 50% de homes e un 50% de mulleres, é dicir 15 homes e 15 mulleres. Esta representación paritaria do xénero responde a unha selección intencional dos suxeitos. Isto débese á decisión de non realizar unha análise comparativa de xénero, por mor do espazo dispoñible, polaa cantidade de ítems que recolle

o cuestionario e, sobre todo, porque a mostra debería ser de maior amplitude. Por este motivo, procedemos no seu lugar a realizar unha análise de estatísticos descritivos do cuestionario. Mais resulta pertinente sinalar que esta análise comparativa en función da variable xénero (ou ben tendo en conta o nivel de estudos dos suxeitos, por exemplo), sería unha proposta interesante de cara traballos de investigación futuros.

A distribución exacta do xénero segundo franxas de idade amósase na seguinte táboa.

Táboa 3  
Xénero e idade (agrupada) cruzados

		Idade (agrupado)			Total
		19-35	36-56	57-75	
Masculino	Recuento	2	12	1	15
	% dentro de Idade (agrupado)	40,0%	50,0%	100,0%	50,0%
Feminino	Recuento	3	12	0	15
	% dentro de Idade (agrupado)	60,0%	50,0%	0,0%	50,0%
Total	Recuento	5	24	1	30
	% dentro de Idade (agrupado)	100,0%	100,0%	100,0%	100,0%


Fonte: Elaboración propia.

Por outra banda, no relativo ao nivel de estudos, resulta significativa a elevada porcentaxe de persoas con estudos universitarios, supoñendo ata un 40% do total e, polo tanto, correspondéndose coa porcentaxe mais alta da mostra. A esta cifra séguelle un 20% de persoas con estudos de Ensinanza Secundaria Obrigatoria (ESO).

Neste senso, o perfil educativo da mostra constitúe unha variable tida en conta noutras análises realizadas sobre as actitudes cara o fenómeno migratorio. Concretamente, dispomos de evidencias, caso do traballo realizado por Ramos, Techio, Páez, e Herranz, (2005), que informan que as persoas que teñen un nivel de estudos alto tende a manifestar actitudes mais favorables cara a inmigración.

Gráfica 3

### Nivel de estudos




Fonte: Elaboración propia.

No que se refire á situación económica, as percepcións son positivas. Só un 3,3% da mostra, considera que a súa situación económica é mala. Secasí, ata un 93,4% da mostra considera que a súa situación económica é boa ou regular. Só un 3,3 % califica a súa situación económica como moi boa.

Como sinalan algúns estudos (Diener, Diener, e Diener 1995), segundo a teoría da ameaza social e a competición polos recursos escasos, podemos supoñer que se darán actitudes colectivas mais favorables cara a inmigración en condicións de óptimo desenvolvemento económico, que naqueles contextos de baixo desenvolvemento. Estes autores xa estableceron unha relación entre o respecto polos dereitos humanos e o benestar subxectivo, ou ben a percepción dunha boa situación económica. Polo que cabe atender á relación que existe entre o desenvolvemento socioeconómico subxectivo e as actitudes cara o alóctono.

Gráfica 4


Situación económica



Fonte: IBM-SPSS Statistics, elaboración propia.

Gráfica 5

Situación laboral



Fonte: IBM-SPSS Statistics, elaboración propia.

No relativo á situación laboral, dase unha gran prevalenza de persoas activas, chegando a supoñer ata o 70% do total. Por outra banda, o 16,7% da mostra atopase en situación de desemprego. Só un 3,3% manifesta estar xubilada, e outro 3,3% recibe algunha pensión. O 6,67% adicase ao traballo doméstico non remunerado. No entanto, resulta oportuno ter en conta que a meirande parte se atopa en idade activa, é dicir, só o 3,33% da mostra ten entre 57 e 75 anos.

Alén disto e a modo de conclusión, a porcentaxe de persoas empregadas resulta considerablemente elevada tendo en conta as proporcións da mostra.

Taboa 4  
*Constitución do núcleo familiar*

	Respostas		Porcentaxe de casos
	N	Porcentaxe	
<sup>a</sup> Matrimonio con fillos/as	17	53,1%	56,7%
Parella con fillos/as	3	9,4%	10,0%
Parella sen fillos/as	1	3,1%	3,3%
Nai soa con fillos	6	18,8%	20,0%
Avós/as	1	3,1%	3,3%
Vive só/a	3	9,4%	10,0%
Outros	1	3,1%	3,3%
Total	32	100,0%	106,7%

Fonte: Elaboración propia.

No que respecta á constitución do núcleo familiar, o fogar mais común é o constituído por matrimonio con fillos/as, chegando a supoñer ata un 56,7% da mostra. O 43,3% restante distribúese da seguinte maneira: un 10% está constituído por parellas con fillos/as, un 3,3% correspóndese con parellas sen fillos. Resulta significativa a presenza de ata un 20% de nais sóas con fillos/as.

No referente aos datos de participación en equipamentos e servizos comunitarios, son semellantes en ambos niveis, tanto individual como familiar, sendo lixeiramente superior a participación a nivel familiar. Neste caso, a porcentaxe de persoas que consideran ter unha moi alta participación familiar chega a constituír o 23,3% da mostra, aquelas persoas cunha participación alta supoñen o 33,3%.

Taboa 5  
*Nivel de participación comunitaria familiar*

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe acumulado
Válido	Moi baixa	3	10,0	10,0	10,0
	Baixa	2	6,7	6,7	16,7
	Media	8	26,7	26,7	43,3
	Alta	10	33,3	33,3	76,7
	Moi alta	7	23,3	23,3	100,0
	Total	30	100,0	100,0	

Fonte: Elaboración propia.

Por outra banda, no que respecta á participación individual, o 20% presentan unha participación moi alta, e ata un 36,7% presenta unha participación só alta. Só o 3,3% afirma ter unha participación baixa, e un 6,7% considera o seu nivel de participación como moi baixo.


Taboa 6  
*Nivel de participación comunitaria individual*

		Frecuencia	Porcentaxe	Porcentaxe válido	Porcentaxe acumulado
Válido	Moi baixa	2	6,7	6,7	6,7
	Baixa	1	3,3	3,3	10,0
	Media	10	33,3	33,3	43,3
	Alta	11	36,7	36,7	80,0
	Moi alta	6	20,0	20,0	100,0
	Total	30	100,0	100,0	

Fonte: Elaboración propia.

Gráfica 6

Importancia outorgada á inmigración como problemática social



Fonte: Elaboración propia.

Os datos que amosa a gráfica son verdadeiramente relevantes, sendo o mais significativo o feito de que ata o 50% da mostra considera a inmigración como quinta problemática social en orde de importancia. Noutras palabras, a metade da mostra non lle outorga a consideración de problema a este fenómeno, ou ben, non é unha cuestión que suscite preocupación en gran medida. Outro dato relevante é que ata o 70 % da mostra considera o paro como problemática social de primeira magnitude.

Taboa 7

Dereitos das persoas inmigrantes que debe garantir o estado

	Respostas		Porcentaxe de casos
	N	Porcentaxe	
Vivenda	11	8,5%	36,7%
Sanidade	27	20,9%	90,0%
Educación	24	18,6%	80,0%
Prestacións sociais	14	10,9%	46,7%
Atención sociosanitaria	17	13,2%	56,7%
Emprego	13	10,1%	43,3%
Participación social	13	10,1%	43,3%
Participación política	10	7,8%	33,3%
Total	129	100,0%	430,0%

Fonte: Elaboración propia.

Os datos que amosa esta táboa son tamén certamente significativos. Por unha banda, o 90% da mostra considera que o estado debe garantir o dereito das persoas inmigrantes á sanidade<sup>15</sup>, sendo a categoría de resposta á que lle outorgan unha maior importancia. A continuación, obsevamos que o 80% da mostra considera que o estado debe garantir o dereito á educación. A terceira opción cunha maior frecuencia de respostas é a atención sociosanitaria en xeral, chegando a representar ata o 56,7% da mostra. Por outra banda, as frecuencias de resposta mais baixas atopámolas en ítems como o dereito á vivenda (36,7% da mostra) e o dereito á participación política, que unicamente o 33,3% da mostra considera que debe garantir o estado no caso de persoas inmigrantes, tanto en situación regular como irregular.

Taboa 8  
Frecuencia de relación

	Relaciónase con persoas doutras étnias e culturas	Mantén interaccións positivas con persoas doutras étnias e culturas	Mantén interaccións afectivas con persoas doutras étnias e culturas	Procura que os seus fillos/as se relacionen con menores doutras étnias e culturas
Nunca	3,3%	0%	3,3%	3,3%
Esporadicamente	30%	30%	53,3%	20%
Válido Semanalmente	33,3%	26,7%	16,7%	16,7%
Diariamente	33,3%	43,3%	26,7%	36,7%
Total	100%	100,0%	100,0%	<b>Perdidos 23,3%<sup>1</sup></b>

Fonte: Elaboración propia.

No que respecta á frecuencia da relación<sup>16</sup> e ó tipo de interaccións que se producen entre persoas autóctonas e inmigrantes, a tendencia continúa a ser maioritariamente positiva. Por unha banda, ata o 66,6% da mostra afirma relacionarse con persoas doutras étnias e culturas semanal ou diariamente. Porén un 30% das persoas enquisadas fano esporadicamente, e un 3,3% nunca. No tocante ás interaccións positivas, os datos son

<sup>15</sup> Cómpre sinalar que o enunciado da pregunta inclúe de maneira intencional a frase “á marxe da situación administrativa na que se atopan (regular ou irregular), polo tanto trátase de dereitos de tódalas persoas inmigrantes, tanto en situación regular como irregular.

<sup>16</sup> No cuestionario cada ítem é explicado de xeito que se especifica a qué fan alusión as categorías: relación (cordial), interaccións positivas (alén da cordialidade), interaccións afectivas (vínculos: amizade ou relación sentimental).

incluso mais favorables, un 70% da mostra afirma mantelas cunha frecuencia diaria ou semanal, e só o 30% escolle a resposta esporádicamente. No que ten que ver coa interaccións afectivas, os resultados amosan a tendencia contraria, pois ata un 56,6% da mostra recoñece non mantelas nunca ou facelo esporádicamente, e un 43,4% faino semanal ou diariamente. Por último, ao preguntar se os fillos/as se relacionan con menores doutras étnias e culturas, o 53,4% afirma que procura que isto aconteza diaria ou semanalmente, mentres que o 23,3% non o fai nunca ou o fai esporádicamente.

A modo de conclusión resulta oportuno sinalar que detectamos unha alta porcentaxe de interaccións positivas, especialmente no caso dos cativos, se ben no caso das interaccións afectivas (amizade, relacións mais estreitas), a porcentaxe é mais escasa, e a meirande parte da mostra afirma non manter vínculos sentimentais ou de amizade con persoas de orixe inmigrante.

Por outra banda, respecto dos resultados do bloque de ítems referido aos dereitos<sup>17</sup> das persoas inmigrantes son certamente favorables no que respecta aos dereitos das persoas inmigrantes. Ata o 86,6% da mostra considera que deben ter dereito a unha vivenda digna. No relativo á educación gratuita e de calidade, a porcentaxe é incluso superior (96,7%). O mesmo acontece nos seguintes ítems, o 90% considera que as persoas inmigrantes deben recibir prestacións sociais, o total da mostra está de acordo ou totalmente de acordo con que as persoas de orixe inmigrante reciban atención sanitaria, e un 93,3% considera que deben poder facer uso e desfrute dos equipamentos e servizos socioculturais do barrio.

En definitiva, as persoas que compoñen a mostra comunican actitudes favorables cara os dereitos das persoas de orixe inmigrante, realidade que debería reflectirse na súa vida cotiá.

Atendendo á participación sociopolítica<sup>18</sup>, o 73,3% da mostra considera que deben ter dereito de afiliación a partidos políticos (de acordo e totalmente de acordo), e unha porcentaxe idéntica estima que deben ter dereito de afiliación a sindicatos. O 66,7% opina que deben ter pleno dereito de voto nas eleccións xerais, o 73% considera que deben ter pleno dereito a voto nas eleccións autonómicas, e o 75,8% da mostra no ámbito municipal. Noutras palabras, as persoas que compoñen a mostra son proclives a manter actitudes favorables cara a participación sociopolítica das persoas de orixe inmigrante.

---

<sup>17</sup> Ver Anexo 9.

<sup>18</sup> Ver Anexo 10

No que respecta á calidade de vida das persoas inmigrantes<sup>19</sup>, o 66% da mostra sitúase en desacordo coa afirmación de que as persoas inmigrantes teñen mellor calidade de vida que as persoas autóctonas. Nesta liña, ata o 73,3% da mostra considera que as persoas inmigrantes teñen unha peor calidade de vida que as persoas autóctonas.

Finalmente, só o 10% asocia a presenza de persoas inmigrantes cos comportamentos criminais, e un 63,3% están en desacordo ou totalmente en desacordo co ítem.

Así pois, podemos concluír que unha importante porcentaxe da mostra considera que as persoas inmigrantes manteñen peores condicións de vida que as autóctonas, e que, en xeral, non asocian a súa presenza ás condutas criminais.

Taboa 12  
*Integración das persoas de orixe inmigrante*

	Están integradas no barrio	Deben realizar un maior esforzo por integrarse no barrio	As persoas autóctonas deben esforzarse para que as persoas inmigrantes se integren	A integración debe ser unha tarefa compartida por ambos	Deberían manter sempre a súa cultura e costumes	Contribúen ao enriquecemento da nosa cultura
<b>Totalmente en desacordo</b>	0%	0%	3,3%	<b>3,4%</b>	0%	0%
<b>En desacordo</b>	17,2%	10,3%	0%	<b>0%</b>	16,7%	3,3%
<b>Indiferente</b>	13,8%	20,7%	16,7%	<b>3,4%</b>	33,3%	10%
<b>De acordo</b>	55,2%	58,6%	60%	<b>41,4%</b>	26,7%	33,3%
<b>Totalmente de acordo</b>	13,8%	10,3%	20%	<b>51,7%</b>	23,3%	53,3%

Fonte: Elaboración propia.

Cando preguntamos pola integración das persoas inmigrantes no barrio, o 69% da mostra afirma que si están integradas no barrio, se ben unha porcentaxe case idéntica (68,9%) tamén considera que deben facer un maior esforzo por integrarse. O dato verdadeiramente senlleiro e significativo deste bloque é o que fai alusión á necesidade da integración como

<sup>19</sup> Ver anexo 11

tarefa compartida tanto por autóctonos coma por alóctonos, chegando a supoñer ata o 93,1% da mostra as persoas que están de acordo ou totalmente de acordo con esta afirmación.

Por outra banda, resulta salientable, que ata o 16,7% da mostra considere que as persoas inmigrantes non deben manter a súa cultura e costumes, cunha alta porcentaxe de indiferentes (33,3%). A gran maioría das persoas enquisadas (86,6%) afirman estar de acordo ou moi de acordo en que as persoas inmigrantes contribúen ao enriquecemento da nosa cultura.

Polo tanto, cómpre destacar que as persoas que participan no estudo valoran como positiva a integración no barrio das persoas de orixe inmigrante, e ademais, unha alta porcentaxe considera que enriquecen a nosa cultura.

Taboa 13  
*Interaccións con persoas de orixe inmigrante*

	Relacións	Amizade	Vivir no mesmo bloque	Alugaría un piso	Casaría	Aceptaría xefe/a	Aceptaría que fillos/as casasen
<b>Totalmente en desacordo</b>	0%	0%	0%	3,3%	3,3%	0%	0%
<b>En desacordo</b>	0%	6,7%	0%	3,3%	0%	0%	0%
<b>Indiferente</b>	20%	30%	16,7%	16,7%	20%	10%	13,3%
<b>De acordo</b>	40%	33,3%	30%	36,7%	33,3%	36,7%	40%
<b>Totalmente de acordo</b>	40%	30%	53,3%	40%	43,3%	53,3%	46,7%

Fonte: Elaboración propia.

No relativo ao bloque de interaccións con persoas de orixe inmigrante os resultados son de novo favorables. O 80% da mostra relaciónase con estas no centro cívico, o 63,3% afirma ter amizades de orixe inmigrante no barrio, o 83,3% viviría no mesmo bloque de vivendas que as familias inmigrantes, o 76,7% afirma que alugaría un piso a persoas de orixe inmigrante, o 73,3% manifesta que casaría cunha persoas de orixe inmigrante, o 90% aceptaría que o seu xefe/a fose de orixe inmigrante, e ata o 86,7% da mostra permitiría que os seus fillos/as casasen cunha persoa de orixe inmigrante.

Así pois, poderíamos afirmar que maioritariamente as familias usuarias do Centro aprecian ainteracción positiva coas persoas de orixe inmigrante na súa contorna. Neste senso, tendo en conta as conclusións dun estudo con obxectivos similares semellas que“las culturas<sup>20</sup> con mayor porcentaxe de poboación inmigrante, y por ende, con mayor familiaridad y contacto con extranjeros, aceptan más al inmigrante” (Ramos, Techio, Páez, e Herranz, 2005), cabe sinalar a relación destes cos resultados que se derivan deste estudo. Precisamente, tal e como se recolle na contextualización, Conxo é un dos barrios de Santiago onde se da unha maior porcentaxe de persoas estranxeiras, polo que segundo o referido traballo podería explicar ques percepcións e actitudes cara a integración e as interaccións con persoas inmigrantes sexan entre os usuarios do Centro tan favorables.

### **2.8.2. Lista de Control.**

Os resultados derivados da análise cualitativa, a través da observación e empregando a lista de control; amosan que os datos arroxados polo cuestionario non necesariamente se traducen nunha interacción afectiva entre familias autóctonas e inmigrantes, nin no establecemento de vínculos afectivos.

É dicir, o feito de que a meirande parte da mostra amosase actitudes favorables cara a inmigración en tódolos ámbitos analizados (dereitos, integración, participación, frecuencia de relación..), pon de manifesto que efectivamente, se dan relacións entre algunhas familias (especialmente no caso de nenos/as e nais), porén, os resultados que amosa a lista de control obríganos a relativizar considerablemente as conclusións derivadas da análise cuantitativa dos datos recollidos mediante o cuestionario.

Por unha banda, é certo que no caso dos nenos/as a frecuencia de relación é practicamente diaria, as interaccións son positivas e nalgúns casos incluso afectivas. Secasí, trátase sempre dos mesmos nenos/as, unha porcentaxe de arredor do 20% dos que frecuentan o centro, os e as que participan nos xogos, actividades, e na vida diaria do centro.

O caso das nais é similar. Hai unha porcentaxe de nais, en torno ao 30%, que participan activamente en actividades, levan aos fillos/as ao centro e manteñen interaccións positivas e afectivas non só entre elas, senón tamén con algunhas nais e pais autóctonos regularmente. En todo caso, cómpre resaltar que se relacionan case sempre as mesmas familias e as mesmas mulleres autóctonas.

---

<sup>20</sup> Neste senso entendemos cultura en termos comunitarios.

Os varóns adultos amosan pouca presenza nas inmediateiros e a vida comunitaria do centro. De feito a excepción de algún caso illado, non adoitan manter interaccións positivas nin afectivas coas familias autóctonas.

Como conclusión, cómpre sinalar que as familias de orixe inmigrante seguen sen estar completamente integradas na vida comunitaria, dado que son partícipes dalgúns actividades puntuais e mesmo periódicas do centro, pero non da dinámica relacional da comunidade de familias propiamente dita.

Existe un forte vínculo entre certos grupos de familias autóctonas, que participan activamente na vida asociativa da contorna, organizan actividades, saídas e quedadas, mesmo alén da dinámica do centro. Emporiso, no caso que estudamos, as familias de orixe inmigrante, e mais concretamente as marroquíes, non son partícipes (en liñas xerais) neste tipo de encontros.

### **3. Conclusións e propostas de intervención.**

O obxecto principal deste traballo consistía en analizar as actitudes e comportamentos das familias autóctonas que participan no Centro Cívico do barrio de Conxo respecto das persoas de procedencia migrante, tratando de identificar os aspectos que poden estar dificultando a existencia de relacións interpersoais entre autóctonos e non nacionais, coa mirada posta no deseño dun programa de intervención socioeducativa que favoreza a eliminación de prexuízos e/ou estereotipos vinculados á condición migrante.

Este obxectivo xeral foi acadado mediante a aplicación e análise dos diferentes instrumentos, chegando á seguinte conclusión:

- Os resultados respecto das actitudes son certamente satisfactorios, xa que logo de analizar os datos derivados do cuestionario, resulta razoable inferir que as actitudes cara o alóctono por parte das familias autóctonas son, en termos xerais, propensas á interacción. Nas 5 dimensións analizadas obtivéronse resultados favorables cara a inmigración. Particularmente, presentan actitudes positivas cara os dereitos das persoas inmigrantes, cara a súa participación social e política, amosaron empatía respecto das súas condicións de vida, aseguraron manter interaccións e relacións relativamente frecuentes con persoas de orixe inmigrante, amosáronse tolerantes e respetuosos respecto da súa presenza, e mesmo consideraron a integración destas familias como unha tarefa compartida na maioría dos casos.

No que respecta ao primeiro obxectivo específico, explorar se se producen interaccións relacionais e de amizade entre as persoas de orixe inmigrante e as de orixe autóctona, conclúese o seguinte:

- Unha vez realizado o proceso de observación e analizados os resultados da lista de control (que pretendían recoller datos mais orientados aos comportamentos), observouse que na meirande parte dos casos non se da unha interacción en termos de amizade nun grado significativo, entre familias de orixe autóctono e inmigrante (agás en certos casos puntuais). Malia que se establecen relacións sociais (charlas, momentos compartidos, coincidencia de espazos), non se instauran fortes vínculos relacionais entre familias de distinta procedencia na mesma medida en que acontece entre as familias autóctonas (en termos xerais).

Respecto do segundo obxectivo específico, comprobar se as actitudes favorables cara os colectivos inmigrantes se traducen en comportamentos favorables e no establecemento de vínculos interpersoais mais fortes, destacamos que:

- Como xa se recolle na teoría, as actitudes favorables cara a poboación estranxeira non se traducen necesariamente nunha conduta positiva ou proclive á interacción ou ás relacións afectivas. Existen determinados factores (forza, especificidade, importancia...) que infúen nas actitudes así como na medida en que estas repercuten no comportamento (Baron e Byrne, 2005). Esta afirmación foi ratificada no estudo realizado, pois os resultados da lista de control cuestionan os do cuestionario. Danse actitudes certamente favorables e proclives á interacción e ó establecemento de vínculos, mais isto non se traduce na existencia de comportamentos análogos, consecuentes, ou que cabería esperar.

No relativo ao último obxectivo, deseñar unha proposta que, dende os principios da interculturalidade, promova os vínculos interpersoais entre as familias que participan no Centro Cívico, cómpre sinalar que:

- A continuación preséntanse as que poderían ser liñas ou estratexias básicas das propostas de intervención socioeducativa que se desenvolvan no contexto local, co obxecto de fortalecer as relacións e vínculos interculturais entre as familias que frecuentan o Centro Cívico de Conxo.

A modo de conclusión, e no que se refire ás competencias desenvolvidas pola alumna no transcurso do traballo, destacan as seguintes de maneira sustancial:

-Capacidade de autonomía na procura, selección e tratamento de información relevante para o obxectivo de traballo proposto.

-Capacidade de aplicación integrada dos coñecementos e habilidades adquiridos ao longo do grao.

-Capacidade de sistematización e presentación de información de maneira organizada e correcta desde o punto de vista académico e profesional, empregando diferentes códigos e recursos lingüísticos, materiais e tecnolóxicos.

-Capacidade de reflexión e reformulación sobre o traballo desenvolto, incorporando unha actitude autocrítica construtiva sobre o mesmo.

Finalmente, e ao abeiro das procuras desenvolvidas no eido teórico do traballo, e dende a educación social resulta especialmente fundamental sinalar algunhas “ideas forza” que deben primar no deseño de iniciativas e propostas socioeducativas de intervención nesta materia:

- A idea principal e obxecto de toda intervención intercultural debe ser a de coñecer a persoa do outro/a, e non tanto a de coñecer as distintas culturas e as súas implicacións, malia que tamén resulte interesante. É dicir, coñecemos como persoas e non como integrantes de marcos referenciais e culturais diverxentes.
